



## MISA CON NENOS

20 de xaneiro de 2019

### T. Ordinario-2º C

Xoán 2, 1-12: *“Enchede as tallas de auga”*. Mensaxe: *Enchamos as vasillas de AUGA sabendo que TI as transformarás en VIÑO.*



### 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Pasados os días do Nadal, volvemos aos domingos máis normais do tempo ordinario. Pero Epifanía, Bautismo e Vodas de Caná son os tres momentos da manifestación de Xesús como luz e vida para todos nós. Hoxe recordaremos unha das vodas máis famosas da historia, as vodas de Caná, unha voda que tivo un problema pero dous grandes invitados: María e Xesús. Descubriremos o poder de Xesús, que María se preocupa por nós. Xesús converte a auga en viño e maniféstasenos capaz de renovar e transformar a vida dos que cremos nel. Pidamos tamén pola unidade dos cristiáns, cuxa semana iniciamos hoxe.

*No nome do Pai... Que Xesús, que nunca nos deixa sos nas necesidades, sexa con todos vós.*

### 2. PETICIÓNS DE PERDÓN

*Queremos levar a todos a luz, a ledicia e a vida de Xesús, pero as nosas limitacións e pecados fannos desviarnos do camiño. Pidamos perdón.*

- Ti, Xesús, que queres compartir as nosas ledicias e proxectos, dicímosche: *Señor, ten piedade de nós.*
- Ti, Xesús, que nos dás a María para que presente ao Señor nosas súplicas, rogámosche: *Cristo, ten piedade de nós.*
- Ti, Xesús, que nos axudas nos nosos problemas e preocupacións, pedímosche: *Señor, ten piedade de nós.*

### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas fálanos da relación de Deus cos homes e mulleres de todos os tempos como unha voda, un banquete, unha festa. El sempre nos ama e é fiel. O canto de Isaías compara a Xerusalén (reconstruída tralo exilio) como unha noiva, adornada para a súa voda. San Paulo recórdanos os diversos dons que os cristiáns recibimos e todos provén dun só Espírito. No evanxeo Xesús adiántase para que non falte o viño da ledicia naquela voda, facendo o seu primeiro signo salvador.



### 4. PETICIÓNS

Por medio de Cristo, capaz de renovar as nosas vidas, presentemos ao Pai a nosa oración dicindo:

**-Pedímoscho, Señor.**

1. **Pola Igrexa:** para que sexa evanxelizadora, non só con palabras, senón -sobre todo- coas obras. **Oremos.**
2. **Polas distintas relixións:** para que potenciemos o que nos une e superemos o que nos separa. **Oremos.**
3. **Polo mundo enteiro:** para que progrese en paz, liberdade e xustiza e se superen as divisións. **Oremos.**
4. **Polos noivos e matrimonios:** para que non falte o viño do amor e da comprensión. **Oremos.**
5. **Polos que participamos en misa cada domingo:** para que fagamos o que nos di Xesús. **Oremos.**
6. **Por todos nós:** para que invitemos a Xesús e a María en todos os acontecementos da vida. **Oremos.**
7. **Pola nosa parroquia:** para que sexamos unha verdadeira comunidade de amor par os que nos rodean. **Oremos.**

*Dáños, Pai, a protección de María e que os cristiáns do mundo vivamos sempre unidos. Por XCNS...*

### 5. OFRENDAS

**ALIANZAS DE BODA:** Deus sempre nos ama, é un Deus fiel. Onde el está non falta a ledicia, a luz e a vida. Que nós saibamos ser testemuñas do seu amor, da súa misericordia con todos os que nos atopemos ao longo desta semana.

**UNHAS TALLAS** (poñémoslles nomes de dificultades polas que algúns están pasando): Prometemos a Xesús que imos facer o que poidamos para que os que viven ao noso ao redor non lles falte o viño do traballo, do necesario para vivir, compañía...

**PAN E O VIÑO:** Finalmente, Señor, ofrecémosche o pan e o viño. Eles serán o noso alimento que repoña as nosas forzas para facer o que nos digas en cada momento.

## 6. VIDEOS 2º ORDINARIO-C

- As Vodas de Caná de Galilea, película: <https://www.youtube.com/watch?v=C7uPPHXCIK8>
- As vodas de Caná, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=N0ObEWFpEXs>
- As vodas de Caná, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=V1VaP7hXMxQ>
- As vodas de Canán, debuxos: <https://gloria.tv/video/ncikbnbEC3d83Fvxw3GRqmrNr>
- Abrirse á vida, reflexión: [https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=41&v=pNllkGUJfv4](https://www.youtube.com/watch?time_continue=41&v=pNllkGUJfv4)
- Achispados, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=HxxE6opiPDQ>
- Amor líquido, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=SHkjzvx9Seg>
- As vodas de Caná, teatro; <https://www.youtube.com/watch?v=jUXuKOK7yal>
- Tarde en Caná, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=TRzhQHhYcOI>
- Na voda de Caná, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=Lg095Z1lzk>

## 7. SUXESTIÓNS:

- Vede que vos pide Xesús e como facelo: estudar, deber, ledicia, oración...
- Como María, ás noites pensade en alguén próximo que necesite algo e dicídlle a Xesús e a María: “non ten viño”, o viño do traballo, comida, saúde, casa, compañía, agarimo, esperanza, ilusión para seguir vivindo... Poñede no presbiterio vasillas con estas necesidades. Nun momento determinado botámoslle un pouquiño de auga bendita que é poñelas nas mans de Deus para que as transforme.
- Vive con ledicia, a “ledicia do evanxeo” (Francisco) e pensa que o viño de Xesús é incomparablemente máis bo que todas as “litronas”.
- Comeza a Semana da Unidade dos cristiáns. Hai 2.400 millóns de cristiáns no mundo. Cada un ten a súa forma de seguir a Xesús, os seus carismas. Imaxinádevos que no mundo houbera 2.400 millóns de persoas alegres, felices, que aman... Sería outro mundo. Tócanos colaborar con ese mundo que soñou Xesús e dicir con voz alta: “Creo en Xesús e fago o que el nos dixo”. E vivamos unidos a todos os outros cristiáns.
- Empezamos o ano litúrxico do tempo ordinario e non estaría de máis explicar o que son os tempos litúrxicos, que no tempo ordinario seguimos coñecendo e celebrando a vida de Xesús pero non grandes festas (a vida ordinaria) e que logo celebraremos a Coresma e a Semana Santa.

